

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se modifican os estatutos da sociedade *Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.*

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado 1ª fase do acceso ao Hospital Público de Pontevedra (Monte Carrasco - PO-542), no municipio de Pontevedra. (Clave: PO/10/134.01).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se establece o procedemento e as condicións técnico-administrativas para a obtención das autorizacións de proxectos de repotenciación de parques eólicos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 30% e a adquisición de compromisos de carácter plurianual derivados da Resolución pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos, sen depósito de garantías, de ate o 80% nas subvencións derivadas da resolución do Servizo Galego de Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para centros e recursos integrais para mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Acordo polo que se autoriza a Retegal para a contratación da adquisición do dereito de uso irrevogable (IRU) de fibra óptica para a execución do Plan director de banda larga 2010-2013 da Xunta de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade, por importe de dez millóns novecentos sesenta e nove mil setecentos seis euros e dezanove céntimos de euro (10.969.706,19.- €), IVE excluído.
- Acordo polo que se dispón a achega da Xunta de Galicia á *Fundación Semana Verde de Galicia*.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Marín, para a execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas no concello de Marín, por importe de cinco millóns seiscentos cincuenta e cinco mil cincocentos noventa euros (5.655.590 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Xunqueira de Espadanedo, para a execución da seguinte actuación: humanización da praza da igrexa de Niñodagua, por importe de cento setenta e oito mil dezasete euros con vinte e catro céntimos (178.017,24 euros).
- Acordo polo que se autoriza a addenda nº 6 ao convenio subscrito entre as extintas consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e Política Territorial Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo, para a construción do Centro Cultural – Auditorio de Lugo, por importe de dezanove millóns novecentos vinte e sete mil seiscentos sesenta e tres euros con setenta e tres céntimos (19.927.663,73 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Mondariz-Balneario, para a execución da obra: proxecto de demolición e adecuación do contorno da estación depuradora

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de augas residuais (EDAR) de Mondariz Balneario, de clave O.H.336.930, por importe de douscentos oito mil trescentos trinta e seis euros con trece céntimos (208.336,13 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Concello de Ponte Caldelas e a empresa pública *Xestur-Pontevedra S.A.*, para as obras de electrificación da Central de Transportes de Ponte Caldelas (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Coles, para a execución de tres actuacións de urbanización nos núcleos rurais de Miegodevila, Sobral e Cambeo, por un importe de 191.157,25 €.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a modificación do compromiso plurianual que deriva da orde pola que se modifican os concertos educativos nos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto para a contratación da obra da construción dun novo instituto de educación secundaria no Milladoiro-Ames (A Coruña), por un importe de seis millóns cincocentos tres mil nove euros e oitenta e tres céntimos (6.503.009,83 euros).
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a aplicación de diversos programas de apoio aos centros de educación primaria e educación secundaria (Plan PROA) no ano 2010, por un importe total de cinco millóns cincocentos catorce mil oitocentos noventa euros (5.514.890 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Carnota, para a execución das obras de construción do centro socio-cultural do Viso, por un importe total de novecentos noventa mil euros (990.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Meaño, para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

reforma e acondicionamento da Casa de Cultura de Dena, polo importe total de cento setenta mil euros (170.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a *Asociación de Fomento para a Encadernación da Arte (Afeda)*, para a organización do II Concurso de deseño e encadernación para un Libro de Peregrino e a súa exposición no Museo das Peregrinacións e de Santiago, en Santiago de Compostela, por un importe total de trinta e dous mil euros (32.000 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza o Consello Galego de Relacións Laborais, adscrito organicamente á Consellería de Traballo e Benestar, para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dun curso de especialización de posgraduados, baixo a denominación de Curso Superior de Relacións Laborais (XXI edición), por un importe de cincuenta e cinco mil cincuenta e oito euros con sesenta e seis céntimos (55.058,66 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Internacional O´Belén*, para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no centro de atención específica Montefiz, por un importe de noventa e un mil oitocentos cincuenta e dous euros con oitenta céntimos (91.852,80 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante a modalidade de concerto, da xestión do servizo público para o acollemento residencial de menores en situación de desamparo ou risco, tutelados ou na garda da Xunta de Galicia, especializado para menores con trastornos de conduta, 20 prazas, por un importe de sete millóns seiscentos noventa mil seiscentos trinta e seis euros con oitenta céntimos (7.690.636,80 euros)
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente para o contratación da xestión do servizo público de explotación da *Residencia Fundación José Otero Carmela Martínez*, en Santiago de Compostela, para persoas maiores en situación de dependencia, na modalidade de concesión, por procedemento aberto e tramitación urxente (expte. PA 48/2010), por un importe de seis millóns seiscentos cincuenta e cinco mil cento un euros con dous céntimos (6.655.101,02 euros).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais, co obxecto de establecer as condicións de colaboración

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

financeira para a realización de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables a través do Programa operativo do FEP 2007-2013, por un importe de cento corenta e nove mil setecentos oitenta e un euros (149.781 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Barallobre, para a execución do proxecto de recuperación dos bancos intermareais (marisqueo a pé), por un importe de trescentos un mil catrocentos vinte e seis euros e setenta e cinco céntimos (301.426,75 euros).

INFORMES**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre internacionalización das empresas galegas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de execución da obra para a consolidación do noiro do Centro Integrado de Formación Profesional Politécnico de Santiago de Compostela (A Coruña), por un importe de catrocentos setenta e tres mil catrocentos vinte e catro euros con vinte e catro céntimos (473.424,24 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre subvencións VIH/SIDA
- Informe sobre a constitución da Comisión Técnica dos Procesos Selectivos do Servizo Galego de Saúde

CONSELLERÍA DE CULTURA

- Informe sobre balance de ocupación de establecementos de aloxamento regulado do mes de xuño 2010 en Galicia e primeiro semestre de 2010.

O CONSELLO APROBA A PRIMEIRA NORMA INSTITUCIONAL BÁSICA QUE REGULA O FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN E O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA

- *A lei ofrece unha visión estruturada e ordenada da Administración e complementa a reestruturación dos entes instrumentais ao sistematizalos*
- *A norma ofrece un maior control sobre as contratacións e limita as retribucións do persoal de alta dirección das entidades instrumentais*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, que por primeira vez regulará o funcionamento da Administración pública en Galicia e suplirá un baleiro no ordenamento xurídico galego que xa fora posto de manifesto polo Consello Consultivo no ano 2001.

O anteproxecto ofrece por primeira vez en trinta anos de vida da Comunidade Autónoma unha visión de conxunto, estruturada e ordenada, da Administración autonómica e das restantes entidades integrantes do sector público autonómico.

Así, a nova normativa tamén servirá de complemento do plan de reestruturación da Administración paralela iniciado pola Xunta, xa que o texto sistematiza por vez primeira as entidades instrumentais, tales como organismos autónomos, axencias autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos.

Esta sistematización desenvólvese no título III, mentres que no título II se recollen os elementos esenciais do réxime xurídico substantivo e procedemental dos regulamentos autonómicos. Pola súa banda, o título I ofrece os contidos propios dunha lei de réxime xurídico da Administración xeral, que nunca chegou a aprobarse a pesar de que xa a reclamaba a Lei da Xunta e da súa Presidencia, aprobada en 1983.

Máis alá da división en tres títulos -á cal se suma un cuarto preliminar-, o anteproxecto de Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia está estruturado en 120 artigos, catorce disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Principais novidades

Entre as principais novidades que establece o texto destacan as relativas á regulación do procedemento de elaboración regulamentaria, xa que se eleva a materia a rango de lei e se estrutura un procedemento regulamentario claro e preciso.

En canto á organización administrativa recóllese unha completa estruturación horizontal e vertical dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, régúlase a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

aplicación de medios electrónicos ao funcionamento dos órganos colexiados e ofrece un maior control das consellerías sobre a contratación de entidades do sector público.

Finalmente, outra das vantaxes é que se recolle unha sistematización das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico e se limitan as retribucións do persoal de alta dirección destas entidades.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICAN OS ESTATUTOS DA SOCIEDADE REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS RETEGAL S.A.

- *A modificación atribúe a presidencia do operador público de telecomunicacións á titular da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a vicepresidencia ao titular da Secretaría Xeral de Medios*
- *Retegal S.A. supón unha ferramenta imprescindible que posibilitará colocar a Comunidade galega nun posto de referencia en canto ás tecnoloxías da información e a comunicación*
- *Apoia a idea defendida polo Executivo galego de que as políticas de impulso ás novas tecnoloxías e ao desenvolvemento da sociedade da información deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o proxecto de decreto polo que se modifican os estatutos da *Sociedade de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal S.A.*

O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Xunta de Galicia, atribúe a competencia de planificación e coordinación das funcións atribuídas a *Retegal S.A.* á Secretaría Xeral de Medios e á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e deixa establecido un réxime de colaboración entre os dous órganos superiores dependentes da Presidencia do Goberno galego.

Por esta razón, considerouse necesaria a modificación dos estatutos desta sociedade coa finalidade de adaptar a representación no Consello de Administración aos titulares dos órganos con competencia en materia de telecomunicacións e desenvolvemento da sociedade da información, atribuíndo a presidencia deste ao titular da S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a vicepresidencia ao titular da S.X. de Medios.

Neste contexto, a modificación do artigo 16 dos estatutos establece tamén que o Consello de Administración estará integrado por un número de conselleiros non inferior a tres nin superior a sete; que a elección destes corresponde á Xunta Xeral de Accionistas; e que o secretario do Consello será elixido por este por proposta do seu presidente, debendo ser licenciado en dereito.

Retegal S.A.

A Sociedade Pública Rede de Telecomunicacións de Galicia, Retegal S.A. foi creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, asumindo a xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Retegal é unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente de titularidade pública destinada á prestación de servizos de telecomunicacións en Galicia. Ademais tamén ten por obxecto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, así como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma.

Esta sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no referente á realización de actividades propias do seu obxecto social que se lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

Obxectivos estratéxicos

Neste sentido supón unha ferramenta imprescindible que posibilitará colocar a Comunidade galega nun posto de referencia en canto ás tecnoloxías da información e a comunicación apoiando, deste xeito, o convencemento da Xunta de Galicia de que as políticas de impulso ás novas tecnoloxías e ao desenvolvemento da sociedade da información deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas.

Entre os obxectivos estratéxicos desta sociedade están os de apoiar o despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital; constituírse nun instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa sociedade da información e participar de forma activa na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións.

A potenciación deste operador público atópase incorporada nas accións do Plan de banda larga que se está a levar a cabo para o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións. Os investimentos da S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica permitirán converter Retegal nun novo ente que dotará de conectividade todo o territorio galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INICIO DO PROCESO EXPROPIATORIO DO DESDOBRAMENTO DA ESTRADA O PINO-BORA E ACCESO AO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE PONTEVEDRA**

- *Con esta actuación preténdese facer cidade, humanizar o barrio e acadar unha continuidade da trama urbana, así como aproximar as infraestruturas aos cidadáns en igualdade de condicións*
- *O obxectivo da Xunta é comezar as obras no primeiro trimestre de 2011*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto para o desdoblamento da PO-542 (Ponte Bora – O Pino) e acceso ao novo Hospital público de Pontevedra (1ª fase).

O obxectivo do departamento que dirixe Agustín Hernández é comezar as expropiacións no terceiro trimestre do presente ano e iniciar as obras no primeiro trimestre de 2011. Grazas a esta actuación, a Xunta avanzará no obxectivo de abrir a cidade a todos os cidadáns e poñer en valor o territorio.

Con esta actuación a Xunta presenta unha infraestrutura viaria vital para Pontevedra e toda a súa área metropolitana que está recollida no novo Plan de mobilidade da Xunta de Galicia (Plan Move).

Con esta acción preténdese crear cidade, abrir un espazo degradado da cidade para poñer en valor ese primeiro anel de desenvolvemento que está a ser chamado o novo eixe de comunicacións e de desenvolvemento da cidade de Pontevedra, dotar de servizos unha zona ata agora marxinada, poñendo en valor o territorio e permitindo que os cidadáns de Marcón teñan os mesmos servizos, a mesma posibilidade de desenvolvemento das súas vidas que un veciño da rúa Michelena ou da rúa Riestra. Tamén se pretende permitir un acceso moderno, amplo e fácil ao novo hospital público.

En definitiva, trátase de articular unha variante do rural, unha arteria que permita irrigar todas as parroquias de Pontevedra. Para o Goberno galego, as parroquias de Pontevedra deben estar interconectadas por vías modernas, seguras e que supoñan unha oportunidade de desenvolvemento harmónico e respectuoso co medio.

Así pois é imprescindible formular solucións intelixentes, respectuosas co medio e que permitan mellorar a mobilidade da capital da provincia, e con estes criterios xurdiu o desdoblamento e a construción do novo acceso ao hospital.


Características

A primeira fase do desdoblamento da estrada O Pino-Bora suporá un investimento de case 10 millóns de euros. Segundo trasladou o conselleiro, a Xunta procede á execución

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

desta infraestrutura debido á necesidade de dar servizo ao tráfico que xerará o futuro hospital, pero tamén para dar cobertura á vertebración viaria do Concello de Pontevedra.

Desde a Consellería de Medio Ambiente proxectouse un cambio de sección, que unido ás características xeométricas da vía, conseguen que a nova vía teña capacidade suficiente para facer fronte á demanda, tanto do tráfico xerado polas zonas residenciais e industriais, como polo xerado polo propio hospital.



As obras consistirán no desdoblamento da estrada Ponte Bora- O Pino (PO-542) desde a glorieta O Marco en dirección Bora ata o enlace co futuro hospital público de Montecarrasco, o que implica unha nova vía de case 1,5 quilómetros de lonxitude e cunha plataforma de 18 metros, aos que hai que engadir dúas zonas de aparcamento (de 2,5 metros cada unha) e beirarrúas de dous metros.

Coa posta en funcionamento desta vía máis de 80.000 veciños de Pontevedra poderán beneficiarse deste novo acceso, cifra que se elevará tendo en conta o número de facultativos que traballarán nesta infraestrutura sanitaria, así como os pacientes a que se atenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA SITÚA A GALICIA Á VANGARDA DO DESENVOLVEMENTO EÓLICO CO PRIMEIRO DECRETO DE REPOTENCIACIÓN DE PARQUES EÓLICOS XA EXISTENTES DE ESPAÑA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao proxecto polo cal se establece o procedemento e as condicións técnico-administrativas para a obtención das autorizacións de proxectos de repotenciación de parques eólicos, logo de obter todos os pronunciamentos favorables, co claro obxectivo de protexer o ambiente*
- *A normativa diminuírá o impacto medioambiental fomentando a eficiencia e reducindo o número de aeroxeradores*
- *Para os parques situados en Rede Natura a redución do número de aeroxeradores deberá acadar de xeito obrigatorio, como mínimo, o 50% e a superficie afectada tamén será menor*
- *O procedemento administrativo para obter a autorización administrativa do proceso de repotenciación recolle prazos de resolución inferiores a 6 meses, polo que pode farse dunha redución de dous terzos no tempo de tramitación*

Galicia será a primeira Comunidade Autónoma de España que contará cun decreto de repotenciación de parques eólicos xa existentes, despois de que o Consello da Xunta dese hoxe o seu visto e praxe ao proxecto polo que se establece o procedemento e as condicións técnico-administrativas para a obtención das autorizacións de proxectos de repotenciación de parques eólicos, logo de obter todos os pronunciamentos favorables e co claro obxectivo de protexer o ambiente e mellorar a eficiencia enerxética. Galicia é pioneira na regulación da repotenciación que diminuír o impacto ambiental fomentando a eficiencia e reducindo o número de aeroxeradores.

A protección ambiental do decreto vai máis alá, posto que para os parques situados en Rede Natura a redución do número de aeroxeradores deberá acadar de xeito obrigatorio, como mínimo, o 50%. A normativa suporá un número menor destas infraestruturas e unha menor superficie ocupada en terreo protexido.

A normativa está pensada para repotenciar os parques con inscrición definitiva no Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica con data anterior ao 31 de decembro de 2001, que contan na actualidade con máis de 800 MW susceptibles de acollerse a este novo marco e que non poderán incrementar en máis dun 40% a potencia instalada e en ningún caso poderán superar a potencia autorizada para a súa evacuación. O decreto abre tamén a porta á repotenciación dos parques inscritos no anterior rexistro con data posterior a 2001, sempre e cando non incrementen a potencia instalada.

O obxecto do decreto é establecer un procedemento administrativo para obter a autorización dun proceso de repotenciación cuns prazos de resolución inferiores a 6 meses, o que supón unha redución considerable do tempo de tramitación ordinario que é

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

aproximadamente de ano e medio, polo que pode falarse dunha redución de dous terzos do tempo de tramitación.

Con este decreto, o Goberno da Xunta dá un paso importante de cara a que Galicia recupere o liderado en materia eólica, ademais de avanzar no necesario respecto ambiental grazas á redución do número de aerogeradores e á súa substitución por outros máis eficientes. A nova normativa entrará en vigor logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO APROBA AS NOVAS AXUDAS DE IGUALDADE PARA FAVORECER A CONCILIACIÓN

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Secretaría Xeral da Igualdade de axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

A Secretaría Xeral da Igualdade considera necesario favorecer e impulsar a conciliación do traballo e da vida familiar de mulleres e homes adoptando medidas que a faciliten, polo que este ano, por primeira vez, realiza esta convocatoria de axudas destinadas á realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, de programas de actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos de educación infantil e primaria de Galicia que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, durante o período comprendido entre o 1 de setembro de 2010 e o 30 de xuño de 2011.

A necesidade de conciliar a vida familiar e laboral leva consigo, ademais dos cambios necesarios no ámbito lexislativo, a obriga de promover servizos e recursos complementarios que faciliten a conciliación, como son os servizos de atención a menores que permitan adecuar os horarios escolares cos horarios laborais das familias. Os poderes públicos deben pórse á cabeza na creación de programas e accións facilitadores da conciliación, principal obxectivo desta actuación da Secretaría Xeral da Igualdade.

Esta convocatoria de axudas ás asociacións de pais e nais do alumnado está dotada con 300.000 euros, e está cofinanciada polo Fondo Social Europeo nun 80%. Poderán concorrer as subvencións as asociacións de nais e pais de alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos que estean legalmente constituídas e inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Poderán ser obxecto de subvención a organización e xestión da realización de actividades extraescolares dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria que fomenten o desenvolvemento integral das persoas e a igualdade entre os xéneros. Centraranse, fundamentalmente, en aspectos lúdicos, artísticos, culturais, tecnolóxicos e deportivos. Estas axudas sufragarán ata un máximo do 50% do custo da actividade, sen que en ningún caso se poida superar a contía de 6.000 euros por entidade.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, que será no inicio de setembro coincidindo con inicio do curso escolar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE IGUALDADE PARA CENTROS E RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria do Servizo Galego de Igualdade de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para centros e recursos integrais para mulleres, que ten un orzamento de 1.165.500 euros e está cofinanciada nun 80% con Fondo Social Europeo.

A presente convocatoria vai dirixida ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscritas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, coa finalidade de apoiar o desenvolvemento de recursos especializados para as mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade, ademais de contribuír ao mantemento de centros que acollen mulleres sen recursos con dificultades especiais, e prevé así mesmo axudas específicas para o desenvolvemento de actividades formativas vinculadas á empregabilidade feminina, todo isto co obxectivo prioritario da promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Estas axudas e subvencións teñen por obxecto colaborar economicamente coas entidades de iniciativa social para o mantemento de centros e o desenvolvemento de recursos integrais, incluídos os proxectos formativos para o emprego, dirixidos ás mulleres.

Este ano a convocatoria ten dúas liñas de actuación. A primeira, dotada con 765.500 euros, son axudas económicas de apoio ao mantemento dos centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) en que se ofrece asistencia básica -aloxamento, manutención- ás mulleres en situación de exclusión especial e programas de apoio; aos recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social -reclusas, ex-reclusas, drogodependentes-, aos recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección -anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas-; programas de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero; e aqueles outros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.

A segunda liña de axudas económicas ten un orzamento de 400.000 euros e destínase á realización de proxectos formativos para mulleres dirixidos á súa integración laboral ou mellora da súa empregabilidade, nomeadamente destinados a aquelas que se atopan en situación de risco de exclusión ou de especial discriminación ou desigualdade.

Poderán ser destinatarias das subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e requisitos exixidos nesta resolución e que estean inscritas na área de muller/igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

RETEGAL XESTIONARÁ UNHA REDE DE CASE 1.900 QUILÓMETROS DE FIBRA ÓPTICA, A TECNOLOXÍA MÁIS AVANZADA PARA O ACCESO Á BANDA LARGA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a Retegal para contratarlle á empresa Ufinet a ampliación de 800 quilómetros de fibra óptica por un importe de preto de 13 millóns de euros*
- *Deste xeito a comunidade disporá de potentes infraestruturas que permitirán achegar os servizos de telecomunicacións ás zonas máis illadas tecnoloxicamente*
- *Favorecerá a competitividade ao estar á disposición dos operadores privados que desexen usala, permitindo acelerar o despregamento da banda larga naquelas zonas con máis dificultades de acceso*
- *Este paso enmárcase na Acción 2 do Plan de banda larga 2010-2013 para dotar de conectividade todo o territorio galego*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o operador público Retegal para a contratación á empresa *Unión Fenosa Redes de Telecomunicación* (Ufinet) a ampliación de 800 quilómetros de fibra óptica por un importe de 12,9 millóns de euros para a implantación da banda larga en Galicia. Este paso enmárcase na Acción 2 do Plan de banda larga (PBL) 2010-2013, que prevé o desenvolvemento das redes troncais e infraestruturas públicas (fibra óptica, radioenlaces, localizacións) na comunidade autónoma.

Para acadar este obxectivo resulta imprescindible a ampliación da rede de fibra óptica existente. Para isto instalaranse 800,54 quilómetros de fibra óptica que se sumarán aos 1.054,81 xa existentes para conformar unha rede de 1.855,35 quilómetros sobre á que se implementarán tecnoloxías de última xeración que permiten a transmisión de datos a unha velocidade de 10 xigas.

Esta actuación dotará a comunidade dunha potente rede de telecomunicacións coa tecnoloxía máis avanzada en canto á capacidade de crecemento, calidade, posibilidades de evolución e maior velocidade de transporte. Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través de Retegal xestionará unha infraestrutura que lle permitirá unha gran capilaridade para achegar a rede ás zonas máis illadas tecnoloxicamente que ata agora non podían acceder aos servizos dixitais máis avanzados.

Ademais, o desenvolvemento desta infraestrutura favorecerá a competitividade ao estar á disposición dos operadores privados que desexen usalo, permitindo acelerar o despregamento da banda larga naquelas zonas con máis dificultades de acceso.

Cobertura

Esta fibra óptica despregarase formando dous aneis xeográficos, o primeiro no norte de Galicia e o segundo no sur. Así mesmo, esta rede de fibra estenderase, na súa topoloxía final, aos emprazamentos troncais de Retegal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Estes emprazamentos permitirán proporcionar unha ampla cobertura ás denominadas zonas brancas, segundo as directrices da Unión Europea, que son aquelas áreas en que non existe infraestrutura de banda larga ou en que non é probable que se desenvolva de inmediato.

Así, a rede despregarase de xeito tal que, desde os emprazamentos de Retegal dominantes nos montes galegos se poida dar cobertura sen fíos de acceso á internet aos cidadáns residentes nestas áreas, e que permitirán o intercambio do tráfico de datos mediante fibra óptica cos operadores privados de telecomunicacións.

Plan de Banda Larga

O Plan director de banda larga 2010-2013 (PBL), que está a desenvolver a Xunta a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, constitúe o marco estratéxico de actuación destinado á procura dun acceso de calidade á banda larga da práctica totalidade dos cidadáns e empresa galegas, como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia, con especial foco naquelas zonas máis desfavorecidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA ACHEGARÁ 730.000 EUROS Á FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA CONTRIBUÍR A SÚA VIABILIDADE ECONÓMICA-FINANCEIRA**

O Consello da Xunta aprobou un acordo para efectuar, en calidade de patrón, unha achega á *Fundación Semana Verde de Galicia* por un total de 732.000 euros para atender aos compromisos adquiridos por esta entidade e, ao mesmo tempo, contribuír a súa viabilidade económico-financeira.

Neste sentido, hai apenas unha semana, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Alfonso Rueda, destacou na reunión do Padroado da Semana Verde a mellora da xestión da entidade que cada vez camiña máis cara ao seu autofinanciamento. Segundo explicou Rueda, así o confirman as contas do 2009, que deron a coñecer que os ingresos e os gastos da fundación foron practicamente os mesmos e non deu perdas, de tal xeito que a axuda procedente da Xunta e da Deputación serviu para facer fronte a compromisos anteriores.

A achega que aproba hoxe o Consello distribuirase entre os distintos departamentos do Goberno autonómico que forman parte do Padroado: a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria e a Consellería do Medio Rural. A repartición realizarase da seguinte maneira: Presidencia achegará 200.000 euros; Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 150.000 euros; Economía e Industria, 82.000 euros e Medio Rural 300.000 euros.

A *Fundación Semana Verde de Galicia* ten coma fins contribuír ao desenvolvemento do sector agrario a través de actividades feirais e mercados agropecuarios; promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial para impulsar estes sectores; reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional; e impulsar e promocionar o Recinto Feiral de Galicia en Silleda como infraestrutura de promoción e exposición comercial e como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico da Comunidade

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA LEVAR A CABO OBRAS DE SANEAMENTO NO CONCELLO DE MARÍN POR IMPORTE DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS

- *Os traballos consistirán na instalación de colectores e redes de sumidoiros en diversos núcleos do concello que actualmente carecen deste servizo como son O Pereiro, O Pozo, Miñán, A Esperela, Pardavila, Fixón, Cidrás e Moledo*
- *A finalidade do proxecto é aumentar a extensión e eficacia da rede de saneamento de Marín, conseguindo así mellorar a calidade das augas da ría de Pontevedra*
- *O Concello deberá asumir a explotación, mantemento e conservación das obras unha vez executadas e recibidas pola Administración*
- *O convenio de colaboración finalizará o 31 de decembro de 2012*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Marín para a execución de infraestruturas hidráulicas en Marín.

Estas actuacións supoñen un investimento total de 5.655.590 euros, dos que 3.000.000 euros corresponden á actuación para control dos caudais en tempo de chuvia no colector xeral de Marín, e o resto, 2.655.590 euros, se corresponden coas demais actuacións hidráulicas deste convenio.

A Xunta de Galicia, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) fará unha achega de 5.124.472 euros. Así, financiará integramente a actuación para control dos caudais en tempo de chuvia no colector xeral de Marín e destinará 2.124.472 euros para as restantes actuacións do proxecto. O Concello de Marín pola súa parte achegará un total de 531.118 euros.

As actuacións recollidas neste proxecto son necesarias para aumentar a extensión e eficacia da rede de saneamento do concello de Marín, co obxectivo final da mellora da calidade das augas da ría de Pontevedra.

A eficacia deste convenio de colaboración estenderase ata o 31 de decembro de 2012.

Obras que se van realizar

Os traballos consistirán en estender a rede de saneamento por núcleos do rural do concello que actualmente carecen deste servizo, como son O Pereiro, O Pozo, Miñán, A Esperela, Pardavila, Fixón, Cidrás e Moledo, onde tamén se construírán beirarrúas.

Desconectaranse pozos negros e evítanse verteduras superficiais coa execución de colectores de saneamento que recollerán exclusivamente as augas residuais urbanas das zonas afectadas. Complementariamente, traballárase tamén augas abaixo da rede de saneamento, para conseguir unha mellor xestión dos caudais que lle chegan á EDAR de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Placeres procedentes do concello de Marín. Executarase a obra necesaria para o control das augas pluviais no colector xeral que transporta as augas cara á EDAR.

Competencias

Constituirase unha comisión formada por un representante de cada unha das partes participantes neste convenio para o seu seguimento, desenvolvemento, interpretación e axeitado cumprimento.

Ademais do cofinanciamento e a contratación, a EPOSH comprométese a controlar e coordinar as actuacións necesarias para a execución do proxecto.

O Concello de Marín comprométese á posta a disposición dos terreos e os permisos e autorizacións necesarias, así como a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras unha vez executadas e recibidas pola Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**OS VECIÑOS DE NIÑODAGUIA, EN XUNQUEIRA DE ESPADANEDO, DESFRUTARÁN DUNHA RENOVADA PRAZA DA IGREXA, GRAZAS Á COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA E O CONCELLO OURENSÁN**

- *O Consello da Xunta aprobou un investimento de máis 178.000 euros nesta actuación*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos*
- *Os obxectivos deste plan son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou un investimento de máis de 178.000 euros no concello ourensán de Xunqueira de Espadanedo, co fin de levar a cabo unha actuación de acondicionamento de espazo público no núcleo rural tradicional de Niñodaguia neste termo municipal.

Con esta colaboración entre administracións, preténdese poñer en valor e mellorar os espazos públicos desta área, co propósito de renovar as infraestruturas básicas de abastecemento e distribución de auga potable, redes de saneamento de augas pluviais e fecais e redes de distribución de enerxía eléctrica, telefonía e de iluminación pública.

Esta é unha actuación de mellora e conservación de espazos públicos, sen compoñentes de edificabilidade, polo que a súa execución se adapta ás determinacións da normativa urbanística aplicable. Con todo isto, lógrase a revitalización e adecuación deste lugar para uso e gozo dos seus habitantes, co que se contribúe a mellorar a súa calidade de vida.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos fomentar a recuperación e rehabilitación de núcleos rurais tradicionais por constituír un interese público, co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e evitar, así, o despoboamento do medio rural, na procura da posta en valor dun patrimonio existente de grande importancia para Galicia.

Características técnicas

Colocarase un novo pavimento conformado por unha combinación de lastros e baldosas graníticas e a implantación de mobiliario urbano.

Esta actuación comprende unha superficie de 690 metros cadrados e para facer as accións programadas se procederá ao movemento de terras e á limpeza da zona das obras, con retirada de cascallos e elementos situados nela. Así mesmo, levarase a cabo o rasante, a perfilación e a apertura de caixa co fin de colocar a base do pavimento. Posteriormente instalarase o mobiliario urbano, segundo as necesidades que se consideren no proxecto de execución das obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Grazas a este convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Muíños, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas será a encargada de financiar a execución das obras e asume o dereito de inspeccionalas en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Pola súa banda, o concello ourensán terá que redactar os proxectos técnicos; realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias; levará a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras e formalizará os actos da súa recepción.

Este acordo supón un incentivo para que os residentes da zona contribúan á creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns. O acondicionamento beneficia a máis de 1.000 habitantes do concello ourensán de Xunqueira de Espadanedo.

Plan *HURBE*

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, actuación que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos de Galicia, sen abandonar as zonas de cidades e vilas, pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentando os espazos públicos.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

O CONSELLO AUTORIZA UN GASTO DE 6 MILLÓNS DE EUROS PARA INTRODUCIR MELLORAS NO PROXECTO DO AUDITORIO DE LUGO, ENTRE AS QUE DESTACA UN APARCAMENTO E A INTEGRACIÓN DO EDIFICIO CO CONTORNO URBANO

- *A infraestrutura ocupará uns 20.000 m², distribuídos en diferentes salas: a principal con capacidade para 900 espectadores, unha para conferencias e concertos con capacidade para 300 persoas, espazos para actividades teatrais, escola de música e mediateca, entre outros equipamentos*
- *O auditorio de Lugo é unha das actuacións mais importantes do Plan HURBE, o que ven demostrar que o Goberno galego inviste alí onde é necesario, xa que Lugo é a única cidade de Galicia que ata o de agora carecía de auditorio*
- *O edificio pretende integrarse totalmente co contorno e coa cidade, formando parte e mirando en todo momento cara ela e para o río Miño, elemento imprescindible de Lugo*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe un gasto de 6 millóns de euros co fin de introducir melloras no proxecto de construción do Auditorio de Lugo, entre as que destaca un aparcamento e unha completa integración do edificio co contorno urbano. Grazas a estas novas dotacións, esta infraestrutura, que finalmente contará cun orzamento de case 20 millóns de euros, converterase nun referente do panorama cultural para a cidade do século XXI. Isto supón o cumprimento dun compromiso importante con Lugo e os seus habitantes, xa que poderán dispoñer dunha infraestrutura cultural acorde coa súa importancia de cidade na cal radica un dos monumentos patrimonio da humanidade.

Os traballos de optimización inciden na integración do edificio co contorno e coa cidade, polo que formará parte e mirará, en todo momento, cara ela e para o río Miño, elemento imprescindible de Lugo. Así, lógrase romper co concepto de peza ensimesmada e ofrecerá unha articulación de espazos abertos en transparencia cara á cidade e cara ao xardín de acceso. Tanto desde o xardín na parte alta do emprazamento como desde a fronte da avenida Magoi, destacará o volume horizontal do novo auditorio como unha fronte recortada de luz que mira cara á cidade e establece un foco cultural que ordena a súa contorna urbana.

O auditorio lucense instalarase no polígono Aceña, na zona de Magoi, nuns terreos cedidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). Esta actuación é das máis importantes do Plan HURBE no apartado de equipamentos públicos, o que vén demostrar que o Goberno galego inviste alí onde é necesario, xa que Lugo é a única cidade de Galicia que ata o de agora carecía desta clase de infraestruturas.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Antecedentes**

O Goberno da Xunta firmou un convenio de colaboración co Concello de Lugo para a construción do auditorio, previsto inicialmente no cuartel de San Fernando, pero esta localización foi descartada por un informe da UNESCO. Así pois optouse polo Polígono de Aceña de Olga na zona de Magoi, cedido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

O edificio ocupará arredor de 20.000 metros cadrados, distribuídos en diferentes salas: unha principal, con capacidade para 900 espectadores, e unha destinada á celebración de conferencias e concertos, con capacidade para 300 persoas, así como espazos para actividades teatrais, escola de música e mediateca, entre outros equipamentos. Ademais, haberá un lugar habilitado para usos comúns, con cafetería, gardarroupa, aseos públicos e unha área de información e venda de entradas. Dentro da súa estrutura, unha zona destinarase a congresos e exposicións e outra a diferentes labores administrativos.

O edificio divídese en varias plantas. A versatilidade dos espazos permiten a utilización independente e simultánea dos espazos de forma natural.

- **Niveis -1 e -2:** albergan o aparcadoiro.
- **Nivel 0:** na cota inferior da avenida Magoi e con acceso directo desde ela, sitúanse a área de exposicións e congresos, control e seguridade e acceso principal ao aparcadoiro.



- **Nivel 1:** na cota superior da avenida, sitúanse os escenarios das dúas salas con acceso directo á cota para carga no escenario principal e camerinos da sala menor. A área administrativa sitúase neste nivel.
- **Nivel 2:** na cota do xardín, sitúanse o acceso directo ás salas, acceso á área de congresos e un acceso independente á cafetería a través do miradoiro. Neste nivel o vestíbulo lineal convértese nun miradoiro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

continuo coa dobre transparencia cara ao xardín e cara á avenida.

- **Nivel 3:** nesta planta sitúase o restaurante e área restrinxida así como os lucernarios e dobres alturas do vestíbulo.

A **área de congresos** desenvólvese neste nivel e localizadamente nos niveis 3 e 4.

A cafetería e restaurante organízanse en dous niveis e teñen un posible acceso independente a través do xardín ademais da conexión co vestíbulo no nivel 2. Dispón dunha terraza miradoiro exterior e no nivel 3 a área de uso restrinxido pódese vincular ao restaurante.


Todo o edificio fai protagonista a luz natural, polo que se propoñen ventás horizontais rasantes, con sistema de escurecemento, abertas cara á ladeira axardinada, buscando a integración dos actos e representacións na natureza xeométrica.

Os espazos internos de apoio a ambas as salas como camerinos ou vestiarios sitúanse no nivel 0 e os seus escenarios no nivel 1 con circulacións internas claras e directas. A sala menor ten así mesmo camerinos a nivel de escena.

O acceso de público e vestíbulo prodúcese no nivel 2, co que se logra esa situación óptima para salas de música e teatro de acceder a medio nivel ao chanzo descendendo cara á escena.

A sala principal proxéctase con acabamento de madeira de eucalipto. A sala menor proxéctase en madeira clara de Mongoy. As paredes de paneis de madeira fonoabsorbente para as distintas frecuencias, o fondo luminoso das cabinas técnicas e o pavimento claro ou escuro en madeira, segundo a sala, configuran o seu aspecto final.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INVISTE MÁIS DE 200.000 EUROS NA DEMOLICIÓN DA ANTIGA DEPURADORA DE MONDARIZ-BALNERARIO, CUXA PARCELA SERÁ ACONDICIONADA E INTEGRADA NO PASEO FLUVIAL**

- *O obxectivo deste proxecto será adecuar a zona xa que, debido á proximidade do río Tea, as instalacións abandonadas poden ocasionar un risco de contaminación*
- *O prazo de execución da obra será de 6 meses e beneficiará os veciños do concello pontevedrés*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Mondariz-Balneario para a demolición e posterior adecuación do contorno da antiga depuradora do concello. Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), realizará unha achega de máis de 200.000 euros distribuídos en dúas anualidades; no 2010 serán 158.336 euros e no vindeiro 2011 achegará 50.000 euros.

O obxectivo deste proxecto será adecuar a zona xa que, debido á proximidade do río Tea, as instalacións abandonadas poden ocasionar un risco de contaminación para o contorno xa que existen restos de lamas tanto nos depósitos primarios e secundarios como nos de desbastamento. Así mesmo, as citadas instalacións ocasionan un forte impacto ambiental debido a que cortan o curso dun paseo fluvial.

Obras que se van realizar

A planta que se vai demoler localízase a 200 metros da actual estación depuradora de augas residuais do Concello de Mondariz- Balneario, moi próxima ás beiras do río Tea. O terreos pertencen ao dominio público hidráulico, polo que o seu uso esta condicionado á normativa que prevé e protexe da deterioración aos ecosistemas acuáticos próximos aos caudais ou ás marxes fluviais.

A parcela ten unha extensión de 800 metros cadrados e atópase pechada cun bloque de formigón e un valado metálico. As instalacións atópanse en estado de abandono; tanto os depósitos como a torre de control. Estes depósitos son de formigón e teñen unhas medidas de 8,40x8,40. Actualmente, están cheos de auga que será retirada previamente á demolición. Ademais, nos depósitos secundarios aínda se atopan pozos de rexistro con tubaxes e válvulas instaladas.

Así pois, as demolicións proxectadas afectarán a todas as instalacións que se atopen sobre a superficie así como as que se asenten a 1 metro baixo terra. Posteriormente, encheranse os depósitos que se atopen por debaixo da superficie ata uniformar o terreo. Os labores concretos serán: retirada das cubertas de fibrocemento, demolición de estruturas e elementos de formigón (edificio de control, depósitos, edificio de cloración, escaleiras, pozos de rexistro e arquetas), demolición do peche da parcela, desmontaxe da estrutura metálica e retirada de tubaxes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Para estes labores será necesario levar a cabo un recheo de 1.281 metros cúbicos de terra e rebaixar unha parte do terreo pertencente ao paseo fluvial; uns 62 metros cúbicos que se utilizarán para o recheo das instalacións que se atopen baixo terreo.

Adecuación e rehabilitación da zona

O seguinte paso será habilitar a zona, para conseguir adecuala ao contorno e, despois, rehabilitar o terreo. Ao existir un paseo fluvial no lugar, prolongarase para facer de continuación ao xa existente; polo que as medidas serán as mesmas, 3 metros de largo. Terá, ademais, unha varanda de granito con pasamáns e zócalos do mesmo material. O mobiliario urbano estará formado por bancos e papeleiras; ademais de dúas zonas de xogos infantís pavimentadas con baldosas de seguridade. Despois, será preciso axardinar a zona cunha capa de céspede e coa plantación de carballos e castiñeiros. A iluminación farase mediante farois de iguais características ao longo do tramo do paseo. Finalmente, o lugar completarase cunha cuneta que actuará de drenaxe da zona.

As obrigas da Consellería de Medio Ambiente serán asumir os custos das obras, así como o control e a dirección destas. Pola súa parte, o Concello de Mondariz-Balneario deberá someter á información pública o proxecto, poñer á disposición da Administración os terreos libres de cargas e gravames e asumir o mantemento e conservación das obras unha vez estea rematado o proxecto. O prazo de execución da obra será de 6 meses e permitirá beneficiar os veciños do concello pontevedrés.

EDAR de Mondariz-Balneario

Cómpre dicir que Augas de Galicia, no ano 2005, puxo en funcionamento unha nova estación depuradora de augas residuais que substituíu a anteriormente citada. Esta EDAR ten unha capacidade para abastecer a máis de 6.000 habitantes/equivalentes.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS INVESTIRÁ PRETO DUN MILLÓN DE EUROS NA ELECTRIFICACIÓN DA CENTRAL DE TRANSPORTES DE PONTE CALDELAS

- *A Dirección Xeral de Mobilidade achegará a meirande parte do investimento: 858.189,71 euros*
- *O IGVS financiará os 51.491,38 euros restantes e executará as obras por medio dunha encomenda a Xestur Pontevedra*
- *A Central de Transportes foi desenvolvida por medio dun convenio asinado en 2002, pero en 2005 foi deixada en estado de total abandono polo goberno bipartito.*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realizará as obras necesarias para a electrificación da Central de Transportes de Ponte Caldelas, segundo establece o convenio entre a consellería, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o Concello de Ponte Caldelas e Xestur Pontevedra aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

O importe total das obras que se van realizar é de 909.681,09 euros, dos que a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegará un total de 858.189,71 e o Instituto Galego da Vivenda e Solo os 51.491,38 euros restantes.

A obra de electrificación será executada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo por medio dunha encomenda a Xestur Pontevedra e consistirá no previsto no proxecto sectorial desta actuación, aprobado o 10 de outubro de 2002.

As obras inclúen a execución da liña de alta tensión de 66 kV entre as subestacións de Ponte Caldelas e a subestación da Reigosa, que supón un trazado de aproximadamente cinco quilómetros, a adquisición dos terreos necesarios ou a realización do correspondente expediente expropiatorio, a conexión da subestación do parque empresarial da Reigosa e calquera outro traballo que sexa preciso.

A Central de Transportes de Ponte Caldelas é un proxecto executado a partir dun convenio asinado en 2002 e rematado en 2005, ano en que o Goberno anterior deixou a actuación nun completo estado de abandono, ata o punto de que o actual goberno da Xunta de Galicia tivo que proceder á limpeza xeral de vías e beirarrúas e á roza das parcelas e zonas verdes, así como á reposición do seu peche perimetral.

A Central de Transportes de Ponte Caldelas dispón dunha superficie bruta de 86.963 metros cadrados, dos que 40.935 son de uso empresarial.

O investimento total realizado no desenvolvemento da central de transportes acadou os 2.607.759 euros.

DIVERSOS NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE COLES SERÁN REHABILITADOS E MELLORADOS POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 210.000 EUROS

- *A Xunta de Galicia financiará o 90% das obras mediante unha achega económica de 191.157 euros e o Concello de Coles investirá os restantes 21.239 euros*
- *As melloras beneficiarán os núcleos de Miegodevila, O Sobral e Cambeo*
- *Os obxectivos do proxecto son resaltar os valores tradicionais do núcleo e satisfacer as necesidades da cidadanía*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Coles para levar a cabo tres actuacións de rehabilitación e mellora nos núcleos rurais de Miegodevila, O Sobral e Cambeo. O importe total destas actuacións é de 212.396 euros.

A Xunta de Galicia financiará o 90% destas actuacións mediante unha achega económica de 191.157 euros. Pola súa parte, o Concello de Coles farase cargo dos 21.239 euros. O importe destinado para as obras distribúese do seguinte xeito:

Núcleo	Importe
Miegodevila	70.000 €
O Sobral	48.592 €
Cambeo	93.804 €
TOTAL	212.396 €

Os obxectivos do proxecto son facilitar a posta en valor dos espazos afectados coa finalidade de resaltar os valores tradicionais do núcleo e satisfacer as necesidades da cidadanía, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida.

Estas actuacións están comprendidas dentro do obxectivo estratéxico de racionalizar o crecemento dos asentamentos e das actividades elaborado no marco dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2010 e no Plan HURBE.

Traballos que se realizarán

Trátase de accións de mellora e conservación de espazos públicos en núcleos rurais tradicionais, sen compoñentes de edificabilidade. As obras de rehabilitación e mellora no núcleo de Miegodevila faranse na zona de espallamento máis importante para os residentes e consistirán en nivelacións do terreo, construción de muros e bordos, entre outros labores. O arboredo e un cruceiro que existen actualmente conservaranse durante as accións de rehabilitación e mellora.

No caso do Sobral, as obras consisten no acondicionamento dun espazo, anexo ao local social, mediante a execución dun muro de contención, a ampliación do espazo e o seu

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

cerramento. A finalidade é a posta en valor do espazo para incrementar a funcionalidade do local social.

A actuación de Cambeo consiste en executar as obras de acondicionamento e distribución espacial de usos no parque público que limita co auditorio que se está a construír. Búscase facilitar por un lado a circulación de vehículos mediante organización espacial, e por outro lado a realización dun paseo para espallamento da poboación. Para isto realizarase unha combinación de pavimentos adecuados aos usos previstos e a instalación de mobiliario urbano e iluminación pública. Así mesmo instalaranse sistemas de rego completos, zonas verdes e arborado.

A Consellería de Medio Ambiente ten entre os seus obxectivos a mellora da calidade dos espazos urbanos e contribuír a conservación e dotación de edificios e outros elementos de infraestruturas, de xeito que se proporcione aos usuarios unha maior comodidade, mellorando e facilitando os accesos aos distintos equipamentos, fomentando as relacións dos cidadáns na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico. Así mesmo, Medio Ambiente pretende fomentar a recuperación e rehabilitación de espazos públicos, co fin de conseguir núcleos máis atractivos e para uso e gozo dos cidadáns.

O convenio de colaboración entre Medio Ambiente e o Concello de Coles estenderase ata o 31 de decembro de 2010.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA REVISA OS CONCERTOS EDUCATIVOS COS CENTROS ESCOLARES PARA OS DOUS VINDEIROS CURSOS**

- *A revisión do número de unidades concertadas faise necesario para garantir a xestión eficiente dos recursos públicos, debido ás variacións da matrícula e atendendo ás necesidades educativas de cada zona*
- *Destes concertos resultan beneficiados preto de 86.000 estudantes de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, especial e formación profesional*
- *Concértanse ademais unidades de formación en centros de traballo para o alumnado de FP*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén de realizar unha modificación nos concertos educativos cos centros escolares para o próximo curso académico, de acordo coa normativa vixente pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos, publicada en xaneiro de 2009, e que beneficiarán a preto de 86.000 estudantes galegos.

Conforme os requisitos establecidos pola devandita normativa, a Consellería de Educación procede a variar as unidades concertadas en educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial e ciclos formativos de grao medio e superior en atención ás necesidades educativas de cada zona e das variacións da matrícula.

Por outra banda, na orde á que deu hoxe o visto e prace o Consello da Xunta inclúense as unidades concertadas para que os estudantes de FP realicen nelas a formación en centros de traballo (FCT), relativa a ciclos formativos dun só curso que estiveron concertados no curso académico 2009/2010. Esta formación desenvolverase entre os meses de setembro e novembro de 2010.

Xestión eficiente

Coa modificación dos concertos educativos a Xunta de Galicia demostra a eficiencia coa que xestiona os recursos públicos, axustando o número de unidades concertadas á matriculación e necesidades educativas das distintas zonas en cada momento.

En total, a Consellería de Educación mantén 3.840 unidades concertadas. O vindeiro curso destinaranse para estes concertos 257.045.369 millóns de euros, cantidades coas se cobre o salario dos docentes ademais dunha cantidade para gastos (luz, calefacción, material de oficina e persoal de administración e servizos). Estas asignacións son determinadas pola Xunta de Galicia nos seus orzamentos en base a recomendacións marcadas polo Ministerio de Educación.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN INVESTIRÁ MÁIS DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO IES DE MILLADOIRO

- *Con este centro dáse resposta ás necesidades educativas do Concello de Ames*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vai dar resposta ás necesidades educativas dunha poboación en crecemento como é o Concello de Ames a través da construción dun novo instituto de educación secundaria no Milladoiro.

Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao expediente de gasto polo que se investirán máis de 6,5 millóns de euros ata 2012 para construír un centro en que as alumnas e alumnos poderán cursar estudos nas súas 16 unidades de ESO e 3 de bacharelato. O IES contará ademais cunhas completas instalacións deportivas, así como con servizo de cafetaría e local para comedor, entre outras dependencias.

O 21 de novembro de 2005 asinouse o protocolo entre a Consellería e o Concello, pero non foi ata marzo de 2009 cando se completou pola entidade local a documentación preceptiva para poder dar trámite ao procedemento de aceptación dos terreos por parte da Xunta de Galicia. Tras isto, o proceso culminou coa publicación no DOG o pasado 21 de xullo de 2010 do decreto polo que se acepta a cesión a título grauíto do inmovible.

Con este investimento a Consellería de Educación continúa a facer realidade un dos seus obxectivos prioritarios, como é o de dar un salto cualitativo e cuantitativo nas edificacións da rede de centros públicos de ensino non universitario de Galicia. Deste xeito dáse resposta ás necesidades educativas da comunidade, impulsando ao mesmo tempo para todo o alumnado a igualdade de acceso a uns centros educativos de vangarda con instalacións de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESENVOLVERÁ PROGRAMAS DE APOIO E REFORZO DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA A TRAVÉS DO PLAN PROA**

- *A addenda ao convenio entre o Ministerio de Educación e a Consellería destina máis de 5.500.000 euros a este programa*
- *O plan ten como obxectivo apoiar o alumnado con dificultades para adquirir todas as competencias educativas*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria continuará a desenvolver programas de reforzo educativo ao alumnado de primaria e secundaria, ao abeiro da sinatura da addenda ao convenio co Ministerio de Educación para financiar o Plan PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio), ao cal o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace. As achegas económicas ascenden a un total de 5.514.890 euros, dos cales cada unha das administracións achega a metade.

O proxecto ten como obxectivo a posta en marcha de plans de reforzo para todo o alumnado que manifeste problemas nos diferentes ámbitos educativos, así como a súa integración socioeducativa mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades. O programa pretende potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar facendo que os alumnos e alumnas adquiran hábitos de organización e constancia no traballo.

En Galicia un total de 172 centros escolares desenvolven actuacións contempladas polo Plan PROA, distribuídas en 87 programas de acompañamento en primaria, 45 de acompañamento en secundaria e 40 de apoio e reforzo en secundaria.

Modalidades

O plan levarase a cabo a través de dúas modalidades, unha de acompañamento escolar, dirixida ao alumnado do terceiro ciclo de primaria e ao dos dous primeiros cursos de secundaria; e outra de apoio escolar, dirixida só aos centros que imparten esta etapa obrigatoria de secundaria.

No caso da modalidade de acompañamento escolar en centros de educación primaria e secundaria, trátase dunha acción dirixida ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, pobre integración no grupo e no centro, ou aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais.

Neste caso, as actuacións de PROA pretenden reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar o estudo e propoñer formas de traballo eficaces. Para iso un profesor ou profesora realizará o acompañamento fóra do horario

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

lectivo do centro, dous días na semana, en módulos de dúas horas, actividades que se completarán con labores de coordinación entre o centro escolar e as familias

Respecto da modalidade de apoio e reforzo en centros de educación secundaria, esta vai dirixida a optimizar o funcionamento e os resultados dos centros no seu conxunto, mellorando os resultados educativos tanto na cantidade como na calidade das aprendizaxes, así como na integración escolar do alumnado.

Estas actuacións funcionan en base a programas dirixidos a diferentes ámbitos, alumnado, familias e contorno, con diferentes liñas de traballo que contribúan ao éxito escolar.

Deste xeito, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reforza o seu compromiso de incrementar a calidade da educación como así vén desenvolvendo desde o curso 2005-06 en colaboración co Ministerio de Educación a través do Plan PROA, reforzando as competencias básicas, mellorando as habilidades e actitudes asociadas á lectura, e reforzar e alentando a adquisición de hábitos de estudo eficaces.

CULTURA E TURISMO FINANCIARÁ CON 990.000 EUROS A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL DO VISO, NO CONCELLO DE CARNOTA

- *O Consello da Xunta vén de autorizar o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Carnota financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Carnota para a execución das obras de construción do centro sociocultural de O Viso. A Consellería financiará esta construción cunha achega de 990.000 euros, sufragados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese á construción de infraestruturas culturais en distintos concellos de Galicia a través das cales poidan ofrecer á poboación unha oferta cultural axeitada e adecuada, en base a unha programación feita polos concellos e demais entidades. Deste modo, búscase conseguir unha implicación por parte da sociedade galega nos actos culturais.

A colaboración por parte da consellería decídese seguindo criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, non dispor de locais adecuados, a implicación por parte do Concello no desenvolvemento de actividades culturais ou a continuación de infraestruturas xa iniciadas. Así mesmo, valórase a dispoñibilidade de terreos e dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte a un investimento destas características, posto que o pagamento se realiza unha vez que o propio Concello asume o custo.

Con este convenio asegúranse, dentro das posibilidades do Goberno, os espazos necesarios para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos. A Xunta de Galicia e o Concello de Carnota son conscientes da necesidade de dispor de instalacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen os habitantes da zona.

A Consellería de Cultura e Turismo dentro da súa programación anual traza as directrices a seguir no mapa de Galicia. Por outra banda, o Fondo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 é un documento de programación comunitaria aprobado pola Comisión Europea que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios de intervención. Nestes eixes establécense medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable local e urbano, tales como a creación e mellora de infraestruturas culturais entre as que se atopan os centros culturais (casas culturais, auditorios ou centros socioculturais).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO ACHEGARÁ 170.000 EUROS PARA O
ACONDICIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE DENA**

- *O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Meaño para que os habitantes desta vila poidan contar cunha infraestrutura cultural adecuada*

O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Meaño para a reforma e acondicionamento da Casa da Cultura de Dena.

Cultura e Turismo destinará 170.00 euros (85.000 na anualidade de 2010 e outros tantos en 2011), financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, para que os habitantes de Meaño poidan contar cunha infraestrutura cultural adecuada que lles permita disfrutar dunha programación cultural estable nun local adecuado as necesidades culturais e demandas sociais.

A programación anual que se fai desde a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura traza as directrices a seguir dentro do mapa de infraestruturas de Galicia. Dado que os orzamentos son manifestamente insuficientes para acometer as infraestruturas demandadas polos concellos galegos, establécense as directrices de actuacións da consellería para a realización de equipamentos e obras máis necesarias, naqueles concellos onde son imprescindibles as infraestruturas.

As actuacións artísticas son un dos camiños polos que achegarse aos mozos galegos para darlles a coñecer a súa cultura propia. Debido ás dificultades que en moitos casos entraña este tipo de actuacións, xa que se trata de atraer unha serie de sectores de poboación amplos e selectivos, a Consellería de Cultura e Turismo trata de establecer convenios de colaboración cos concellos galegos, sempre que é posible, para que no seu respectivo ámbito municipal poidan realizar actividades que se consideren de interese e utilidade social e cultural.

Neste caso, a través deste convenio de colaboración, a casa de cultura de Dena poderá ofrecer unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, achegándoa así ao maior número posible de persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO ORGANIZARÁ O 'II CONCURSO DE DESEÑO E ENCADERNACIÓN PARA UN LIBRO DO PEREGRINO' COA *ASOCIACIÓN DE FOMENTO DA ENCADERNACIÓN DE ARTE***

- *O Consello da Xunta vén de autorizar o convenio de colaboración entre ambas institucións para a organización do concurso e a realización dunha exposición cos exemplares galardoados e seleccionados no Museo das Peregrinacións.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a *Asociación de Fomento da Encadernación de Arte* (Afeda) para a organización do II Concurso de deseño e encadernación para un libro do peregrino. Así mesmo, tamén se acordou organizar unha exposición posterior cos exemplares galardoados e seleccionados entre todos os presentados a concurso, que se amosará ao público nas salas do Museo das Peregrinacións. En virtude do convenio, a Consellería de Cultura e Turismo financiará o concurso e a exposición cunha achega de 32.000 euros.

A Consellería de Cultura e Turismo valora o programa como unha oportunidade única para poder fomentar e difundir en Galicia un aspecto tan importante da tradición xacobeá. Nese sentido, considérase de grande interese poder colaborar cunha nova edición deste concurso de deseño e coa conseguinte exposición das propostas presentadas no Museo das Peregrinacións. Este museo, no cal xa tivo lugar a exposición das obras seleccionadas na primeira edición do concurso no anterior Xacobeo 2004, é visto polos responsables da consellería como o marco ideal para a mostra.

A Xunta de Galicia ten atribuídas as competencias exclusivas en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e museos de interese para Galicia co obxecto da protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural.

En virtude do convenio de colaboración asinado co Ministerio de Cultura desde o ano 1989, a propia Xunta ten asumida a xestión dos museos de titularidade estatal en Galicia, como o Museo das Peregrinacións. O museo ten como funcións primordiais o estudo, fomento e difusión da temática relacionada co Camiño de Santiago e a peregrinación xacobeá, así como a organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**TRABALLO FINANCIARÁ CON MÁIS DE 55.000 EUROS O XXI CURSO SUPERIOR DE POSGRAO DE RELACIÓNS LABORAIS DIRIXIDO A 75 ALUMNOS**

- *O Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago (USC) e o Consello Galego de Relacións Laborais*
- *Un total de 35 catedráticos e profesores de 10 universidades españolas formarán os participantes en ensinanzas do máis alto nivel no eido das relacións laborais*
- *A iniciativa fará fincapé en promover a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal, que marca na actualidade a política de recursos humanos*

A Xunta de Galicia colaborará coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento da vixésimo primeira edición do Curso Superior de Relacións Laborais, unha iniciativa de posgrao de especialización neste eido. Así, o Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais, adscrito á Consellería de Traballo e Benestar, e a USC.

O departamento autonómico investirá máis de 55.000 euros en dúas anualidades, 2010-2011, xa que o curso comezará o 12 de novembro deste ano e rematará o 10 de xuño do próximo.

Un total de 75 alumnos poderán formarse en aspectos do máis alto nivel das relacións laborais, ao tempo que aprenderán a promover a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal, que marca na actualidade a política de recursos humanos nun mercado cada vez máis competitivo.

A iniciativa, que se desenvolverá en Santiago de Compostela, está destinada, en concreto, a alumnos e alumnas procedentes da empresa, a administración, organizacións sindicais e das propias aulas da universidade.

O curso estará dirixido polo catedrático de dereito do traballo da USC, Javier Gárate Castro. Ademais, un total de 35 catedráticos e profesores de 10 universidades de España serán os encargados de impartir as diferentes materias, así como profesionais que exercen o seu labor no Tribunal Constitucional, o TSXG, a Inspección de Traballo, as organizacións sindicais e empresarias e na dirección de relacións laborais de grandes firmas con presenza en Galicia, como por exemplo do *Grupo PSA Peugeot-Citröen* ou Endesa.

Os obxectivos que se pretenden conseguir co curso son proporcionar aos alumnos unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral; facilitar a capacitación necesaria para resolver as cuestións asociadas ás relacións laborais e á xestión dos recursos humanos e proporcionar un dominio interdisciplinar da materia a través da adaptación dos contidos didácticos ao novo marco legal e convencional polo que discorren as relacións laborais e de seguridade social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por último, a acción educativa afondará nas consecuencias prácticas dos procesos de reforma que afectan o mercado de traballo, a negociación colectiva, a representación das persoas traballadoras na empresa, a Seguridade Social e a saúde laboral así como o dereito social comunitario.

A vixésimo primeira edición do Curso Superior de Relacións Laborais desenvólvese unha vez que o Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais (integrado pola Confederación de Empresarios de Galicia, UGT-Galicia, CC.OO. e CIG) acordaron a súa realización co obxecto de afondar e promover as actividades docentes directamente relacionadas co mundo laboral e a formación e especialización de profesionais nesta materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**BENESTAR INCREMENTARÁ A OFERTA PÚBLICA DE PRAZAS PARA A ATENCIÓN DE MENORES EN RÉXIME DE INTERNAMENTO E CON PROBLEMAS DE CONDUCTA**

- *O Consello da Xunta acaba hoxe de autorizar, por unha banda, a tramitación do expediente para a licitación da xestión dun servizo público especializado para menores con trastornos de conduta, que contará con 20 prazas*
- *Por outro lado, deuse o visto e praxe ao incremento de 5 novas prazas no Centro de Atención Específica Montefiz para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico*

O Goberno galego incrementará a súa oferta pública de prazas para a atención de menores que estean tutelados ou en garda pola Xunta, así como as necesarias para o cumprimento de medidas xudiciais, en ambos os casos, destinadas a prestar unha atención específica a menores con necesidades especiais. O Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a tramitación de dous expedientes para poder incrementar a oferta pública neste ámbito.

Por unha banda, deuse o visto praxe para a licitación da xestión dun servizo público para o acollemento residencial de menores en situación de desamparo ou risco, que presenten trastornos de conduta. O centro especializado terá un total de 20 prazas.

Os licitadores terán que poñer á disposición da Administración autonómica as instalacións. Así, ao concurso público poderán presentarse as entidades prestadoras de servizos sociais que poderán ofertar residencias, minirresidencias e centros con fogares.

Nesta iniciativa, a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 7,6 millóns de euros entre 2010 e 2017.

A convocatoria pública deste servizo permitirá ofertar máis prazas públicas neste eido e adjudicar a xestión ao proxecto que resulte máis vantaxoso de acordo cos criterios establecidos nos pregos de condicións.

Unha vez que o Consello da Xunta deu a súa autorización á tramitación deste expediente, o seguinte paso será publicar no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da convocatoria.

Montefiz

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén deu hoxe o visto e praxe ao incremento dun total de 5 prazas no Centro de Atención Específica Montefiz para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico. As previsións da Consellería de Traballo e Benestar son poñer en funcionamento as novas prazas no último trimestre deste ano. Así, as instalacións de Montefiz pasarán a ofertar con este acordo un total de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

22 prazas públicas. Nesta actuación, o departamento autonómico investirá preto de 92.000 euros.

Esta iniciativa, ademais, implicará un incremento de persoal no centro, ao tempo que se habilitará unha nova unidade, na cal xa se fixeron obras e se dotou de mobiliario.

A XUNTA AUMENTARÁ EN 150 PRAZAS A OFERTA PÚBLICA DE RESIDENCIAS PARA MAIORES DEPENDENTES NO CENTRO *FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ*

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente para a licitación da xestión do servizo público da residencia que se empraza en Pontepedriña (Santiago)*
- *A Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 6,6 millóns de euros na posta en marcha do novo centro*
- *O Goberno galego prevé rematar o ano 2010 coa posta en marcha de 1.099 prazas residenciais públicas máis que en abril de 2009, o que supón un aumento de arredor do 25,4 por cento*

O Goberno galego porá en marcha no último trimestre deste ano 150 novas prazas públicas para persoas maiores dependentes no centro recién construído *Fundación José Otero-Carmela Martínez*, situado en Pontepedriña (Santiago), unhas instalacións que a entidade social construíu e cedeu á Xunta de maneira desinteresada. De feito, o nome da residencia é unha forma de plasmar o agradecemento da Xunta de Galicia pola chegada de José Otero ao benestar das persoas maiores.

Para a posta en funcionamento das instalacións, o Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a tramitación do expediente para a licitación da xestión do servizo público por un período de tres anos, ata 2013, sendo prorrogable por espazos máximos de 3 anualidades. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar investirá entre 2010-2013 máis de 6,6 millóns de euros. Nos criterios de adxudicación valoraranse, entre outros aspectos, os sistemas de calidade que teñan implantados as entidades licitadoras.

O novo servizo social público sitúase nun concello onde se demandaba esta actuación e, desta forma, complementábase o recurso residencial previsto no Catálogo de Servizos de Atención á Dependencia previsto na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ademais de fomentar o emprego no eido social.

Polo tanto, o Goberno galego enmarca esta actuación na mellora e axilización da Lei de dependencia e no seu obxectivo de incrementar o número de prazas públicas para as persoas dependentes.

De feito, a Xunta está incrementar de forma progresiva desde o ano 2009 este tipo de recursos na medida que responde a unha necesidade real e os propios usuarios os demandan.

Así, desde abril de 2009, o Goberno galego incrementou en 210 as prazas residenciais para maiores e a súa previsión é rematar o ano 2010 cunha oferta pública de 889 prazas máis neste ámbito. Así, o ano 2010 rematará, segundo as previsións da Administración autonómica, coa posta en marcha de 1.099 novas prazas residenciais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

públicas desde abril do ano pasado, o que supón un aumento de arredor do 25,4 por cento.

Fundación José Otero

A posta en marcha da residencia situada en Pontepedriña será posible grazas a un convenio de colaboración asinado a tres bandas, polo Concello de Santiago, a Xunta e a *Fundación José Otero*. A institución local cedeu a parcela á Administración autonómica que, entón, puxo á disposición da fundación os terreos para construír a residencia.

Unha vez que se rematou a obra, a *Fundación José Otero* fixo entrega á Xunta de forma desinteresada das instalacións, que quedarán integradas no patrimonio da Xunta de Galicia, formando parte da súa rede pública de centros.

A CONSELLERÍA DO MAR DESTINA PRETO DE 150.000 EUROS AO RIGOROSO CONTROL DE EXECUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS DA PESCA PARA A SÚA XESTIÓN ÓPTIMA

- *Esta acción realizarase a través dun convenio co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de España na procura da máxima eficacia para modernizar a transformación, a comercialización e a acuicultura*
- *Os labores de valoración, seguimento e control dos investimentos susceptibles de ser subvencionados e daqueles que xa o son permitirán unha mellor adaptación dos fondos europeos ás necesidades reais de investimento*

A Consellería do Mar impulsa a xestión óptima dos fondos europeos da pesca a través dun rigoroso control da súa aplicación. Farao mediante un convenio co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de España ao cal destina 149.781 euros e que hoxe autorizou o Consello da Xunta. O obxectivo é acadar a máxima eficacia á hora de modernizar os sectores da transformación, a comercialización e a acuicultura en Galicia no marco do Programa operativo do FEP 2007-2013 obedecendo así ás exixencias da Unión Europea.

Os labores de valoración, seguimento e control da aplicación dos fondos serán realizados por peritos cualificados designados polo Consello Xeral. Estes labores consistirán en visitas de inspección antes do inicio das obras en que se invisten as subvencións e tamén ao seu remate. Ademais o técnico designado elaborará informes sobre a elixibilidade dos investimentos solicitados, sobre a idoneidade dos elixidos para subvencionar e sobre a valoración económica destes últimos.

Outro dos labores que se vai realizar polo perito é o de elaborar propostas sobre posibles investimentos que supoñan melloras tecnolóxicas nos ámbitos da transformación e comercialización de produtos pesqueiros e da acuicultura. Ademais, unha vez conseguidas as subvencións dos FEP, realizarán informes para controlar que o destino da subvención non varíe nos cinco anos seguintes á súa concesión.

Estas accións permitirán unha máis adecuada execución dos fondos e unha optimización dos fondos dispoñibles. Deste xeito mellórase a organización para a reestruturación e modernización da frota pesqueira galega na procura dunha maior competitividade dos sectores procesador e acuícola nos mercados internacionais.

O importe destinado a este convenio será financiado nun 61% polo Fondo Europeo da Pesca. O outro 39% correspóndelle ao Estado membro. A súa vixencia prolóngase desde a sinatura ata o 31 de decembro de 2012, con posibilidade de prórroga se as partes asinantes así o acordan. Cabe destacar que o propio FEP xa recolle nun dos seus eixes prioritarios este tipo de actuacións de asistencia técnica para a súa execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Oficialidade e imparcialidade dos informes**

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de España comprende todos os colexiados en enxeñaría técnica industrial do territorio nacional. Entre os seus obxectivos está o de apoio ás administracións públicas para conseguir que, utilizando as tecnoloxías máis idóneas, sectores produtivos como a pesca, teñan unha posición máis competitiva.

Ademais esta entidade é a única que cumpre co requisito de oficialidade, imparcialidade e independencia dos seus informes e traballos de seguimento neste ámbito e polo tanto a única cualificada para realizar a valoración de expedientes presentados para obter estas axudas. De aí que, atendendo ás exixencias da Unión Europea na rigorosidade da execución dos fondos, a Consellería do Mar escollese esta entidade para o desempeño destas funcións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MARISCADORES DE BARALLOBRE BENEFICIARANSE DUN NOVO CONVENIO PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS**

- *O acordo asinado coa Confraría de Barallobre ten por obxecto mellorar as condicións dos zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*
- *A vixencia do convenio é ata o 31 de decembro de 2010 e quedaran sen efecto no caso de que se produza mellora na clasificación da zona como ocorreu no caso do Burgo*

Os mariscadores de Barallobre beneficiaranse dun novo convenio por importe de 301.426,75 euros para a recuperación produtiva dos seus bancos marisqueiros. O Consello da Xunta aprobou esta mañá a prórroga de ambos os convenios co obxectivo de continuar traballando pola recuperación produtiva dos bancos marisqueiros das zonas de produción catalogadas como C.

O novo convenio asinarase cos mariscadores de a pé e realízase debido a que coa nova recualificación das zonas de produción de moluscos bivalvos, a parte interna ría de Ferrol (GAL 03/07), en que se atopan os bancos intermareais da praia de Maniños e Barallobre, explotados polos mariscadores da Confraría de Barallobre, pasa de ser zona B a ser zona C.

Coa nova clasificación de zonas, todas as zonas de marisqueo a pé xestionadas pola Confraría de Barallobre, incluíndo as zonas de libre marisqueo do banco das Pías, praia de Maniños e praia de Barallobre, quedan clasificadas microbioloxicamente como zonas C o que dificulta na práctica a realización da actividade normal de marisqueo. De aí que, mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, se prorroguen estes convenios e se asinen outros novos que inclúen accións como limpeza de mexillón e retirada de algas e transporte dos produtos resultantes da limpeza e de traslado de moluscos bivalvos desde as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento. Deste xeito mellóranse as capacidades profesionais dos mariscadores involucrados nos labores de mantemento dos bancos e na mellora da xestión do marisqueo.

A vixencia deste convenio é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en augas de zonas de produción C, tras ser sometidos a tratamento de depuración intensiva. Os convenios serán cofinanciados polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, correspondendo o 39% restante á Administración autonómica.

ECONOMÍA E INDUSTRIA RECIBE MÁIS DE 1.300 SOLICITUDES DE APOIO Á INTERNACIONALIZACIÓN, UN 106% MÁIS QUE EN 2009

- *As 1.316 solicitudes levan asociado un investimento proxectado de 20,9 millóns de euros, un 122% máis que no exercicio anterior*
- *Das 470 empresas que solicitaron axudas á internacionalización en 2009 pasouse a 700 neste ano, case un 49% máis*
- *Ata o próximo 10 de setembro está aberta a convocatoria para proxectos de cooperación entre empresas galegas dispostas a xuntar esforzos, compartir custos e, se é o seu caso, estratexia e marca para introducirse por primeira vez en novos mercados internacionais*

A Consellería de Economía e Industria recibiu este ano máis de 1.300 solicitudes de axuda ao amparo das liñas destinadas a favorecer a internacionalización das empresas galegas, un 106% máis que as recibidas polo Instituto Galego de Promoción Económica (388) e a consellería (250) o pasado ano, antes de que o instituto que preside o conselleiro Javier Guerra fose encargado de coordinar todos os apoios neste ámbito. Así o reflicte un informe elaborado polo departamento que dirixe Javier Guerra e do que hoxe tivo coñecemento o Consello da Xunta, no cal se salienta tamén que das 470 empresas que solicitaron axudas á internacionalización en 2009 se pasou a 700 neste ano, case un 49% máis.

Ao mesmo tempo, o informe avaliado hoxe polo Consello apunta tamén que a internacionalización das empresas galegas conforma un dos eixes estratéxicos prioritarios incluídos no Plan re-Forza 2010 do Igape, que reservou 18 millóns para apoiar diferentes liñas orientadas a impulsar estratexias internacionalizadoras, o que supuxo un incremento do 56,52% con respecto a 2009.

O informe indica que unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes en 8 das 11 liñas de apoio convocadas polo Igape para apoiar a internacionalización das empresas galegas, o instituto recibiu 1.316 solicitudes que levan asociado un investimento proxectado de 20,9 millóns de euros, un 122% máis que no exercicio anterior. A liña destinada a apoiar a participación en eventos expositivos internacionais fóra de Galicia foi a máis demandada, con 534 solicitudes presentadas; en segundo lugar colocouse a liña para apoiar iniciativas de marketing, comunicación, imaxe e marca para lanzar produtos ou servizos no ámbito internacional, con 359 solicitudes.

Con 216 solicitudes tamén destacou a demanda na liña de planificación exterior, destinada a favorecer a planificación ordenada da internacionalización da empresa a través do apoio á elaboración ou mellora de plans estratéxicos internacionais a curto e medio prazo, ben para mellorar o abastecemento de materias primas ou produtos intermedios, ben para o lanzamento de produtos ou servizos novos ou xa existentes en novos mercados, ou ben para estudar as posibilidades de expansión mediante a implantación comercial en novos mercados internacionais. Outra das liñas para destacar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

é a habilitada este ano para facilitar a participación das empresas galegas en eventos expositivos internacionais que se desenvolven en Galicia e nos que poden atopar oportunidades comerciais ou de alianzas estratéxicas con empresas estranxeiras; esta liña recibiu 116 solicitudes de apoio.

Plan Primex

Por outra banda, cómpre destacar que ata o día 10 do próximo mes de setembro segue aberto o prazo para a presentación de proxectos de cooperación entre empresas galegas dispostas a xuntar esforzos, compartir custos e, se é o caso, estratexia e marca para introducirse por primeira vez en novos mercados internacionais, especialmente nos países emerxentes de alto crecemento para o lanzamento de produtos ou servizos galegos en novos mercados. Esta liña de axuda (Plan Primex) facilita apoio ás accións que realicen os organismos intermedios beneficiarios para os seus asociados.

Outras liñas de apoio a iniciativas de internacionalización coas convocatorias abertas ata setembro para a presentación de novas solicitudes son as de prospección internacional, orientada a apoiar a investigación comercial en novos mercados do estranxeiro e nos mercados duty free de España e do estranxeiro, previa a unha posible implantación comercial estable; e a destinada a apoiar a contratación de xestores de exportación, que ten como obxectivo axudar a incorporar profesionais ao mercado laboral e promover e facilitar ás empresas galegas a prospección e acceso a novos mercados, poñendo, ao seu alcance, axudas para a contratación de profesionais durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral.

A internacionalización das empresas galegas conforma un dos eixes estratéxicos establecidos pola Consellería de Economía e Industria no marco do Plan re-Forza 2010, que igualmente promove medidas para impulsar a competitividade das empresas galegas e a optimización dos procedementos administrativos para facilitar a presentación, avaliación, resolución e pagamento das axudas de xeito máis áxil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESTINOU CASE 500.000 EUROS A REALIZAR OBRAS NO CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinará 473.424 euros á realización das obras de emerxencia no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela.

A consellería encargoulle a execución das obras á empresa *Construcciones Exisa, S.A.*, co fin de solventar os perigos ocasionados polos derrubamentos. Así, a Xunta de Galicia garante a seguridade da comunidade educativa do CIFP, así como a da comunidade de veciños que limita con el.

Medidas de emerxencia

De xeito provisional, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria levou a cabo medidas de contención das terras para evitar novos desprendementos. Así, procedeuse á realización dunha obra para o desvío das augas de escorregada de xeito que non afectase o noiro do centro educativo, e colocáronse testemuñas para avaliar o avance das fendas aparecidas na estrutura do polideportivo. As obras agora autorizadas consisten na construción dunha dobre pantalla de micropilotes e un muro de contención, no peche do soto e na restitución do noiro segundo o estado orixinal.

As medidas tomadas pretenden restablecer a seguridade dos alumnos debido á situación de emerxencia provocada polos desprendementos, evitando perigos que poden derivar deste feito. Dado que o estudo xeotécnico elaborado establece a necesidade de actuar desde as parcelas situadas na rúa Santa María e en tempo seco para evitar danos maiores e garantir a seguridade dos traballos, procederáse a partir de agora a desenvolver as obras completas, para que o centro estea rematado para o inicio do próximo curso. Para o inicio das obras de restauración houbo que esperar ademais a contar coa autorización das comunidades de propietarios dos edificios adxacentes, o que se ultimou a pasada semana.

SANIDADE SUBVENCIONA CON 276.000 EUROS O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE VIH/SIDA

- *Un total de 255.000 euros distribuiranse a actuacións desenvolvidas por ONG e outros 21.000 euros serán para a realización de proxectos en concellos*
- *Cada ano a Consellería de Sanidade convoca axudas para actuacións de prevención, información e divulgación; actividades de vixilancia epidemiolóxica, e atención sociosanitaria do VIH/sida*

A conselleira de Sanidade informou o Consello da Xunta sobre a distribución das axudas da convocatoria publicada no DOG do 11 de maio de 2010 para proxectos de prevención de VIH/sida, por valor de 276.000 euros. Desta contía, 255.000 euros destínanse a subvencionar proxectos realizados por ONG e 21.000 euros destínanse a subvencionar proxectos realizados desde os concellos.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, publica anualmente unha orde de subvencións para actividades dirixidas a potenciar e avaliar actividades xa estendidas; incentivar novas iniciativas de investigación, formación e reciclaxe de profesionais sociosanitarios; e complementar o esforzo sanitario coa colaboración social seguindo as recomendacións dadas polos organismos internacionais.

En concreto, estas subvencións destínanse a actividades de prevención en colectivos de elevada vulnerabilidade con respecto á transmisión do VIH, especialmente a distribución continuada de medios preventivos como xiringas estériles e preservativos.

Tamén aquelas destinadas a divulgar información sobre o VIH e a sida; loitar contra a discriminación das persoas; para a realización de estudos do nivel de información, actitudes e comportamentos da poboación galega en relación coa infección polo VIH e a sida; desenvolver programas de prevención en casas de acollida; ou a formación de persoas que traballen no campo do VIH para garantir unha maior efectividade e eficiencia dos proxectos levados a cabo en Galicia.

As axudas están orientadas a actividades desenvolvidas na nosa comunidade autónoma ben a través de concellos ou de asociacións. Así, un total de 22 entidades locais distribuiranse un total de 21.000 euros para a realización de 32 proxectos. Estes concellos son Arteixo, Cangas, Catoira, Culleredo, Lugo, Marín, Melide, Mesía, Noia, Ourense, Poio, Ponte Caldelas, Porto do Son, O Porriño, Ribadumia, Santiago de Compostela, Soutomaior, Teo, Trazo, Tui e Vilagarcía de Arousa.

Respecto das organizacións non gobernamentais, un total de 39 ONG de toda Galicia solicitaron este ano axudas para a realización de 88 proxectos, aos cales se destinan 255.000 euros. Estas organizacións son Agasex, Alborada, Antonio Noche, Asociación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Érguete Baixo Miño, Asut Ourense, Cáritas Diocesana de Ourense, Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, Cáritas Diocesana Tui-Vigo, CCANVIHAR, Colectivo Moucho, Colega Galicia, Comité Antisida da Coruña (Casco), Comité Cidadán Antisida de Lugo, Comité Cidadán Anti-sida de Ourense, Comité Cidadán Galego Antisida, Cruz Vermella Española, Ecos do sur, Equus Zebra, Fundación Érguete-Integración, Faraxa, Fase de Encontro, Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor, Lazos Pro Solidariedade, Asociación Madres en Defensa de los Jóvenes Drogodependientes, Madro, Médicos del Mundo, ONG Mestura pola integración social das persoas inmigrantes e emigrantes retornados e Sociedad Española para Estudio das ETS e a Sida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A COMISIÓN TÉCNICA DOS PROCESOS SELECTIVOS DO SERGAS ESTUDARÁ A IMPLANTACIÓN DE DIFERENTES MELLORAS NAS PRÓXIMAS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO**

- *Contará con representantes de diversas unidades administrativas do Sergas e das organizacións sindicais*
- *Abordará a revisión do procedemento de selección, definindo os puntos críticos do proceso e establecendo protocolos de actuación para cada unha das súas fases que aumenten as garantías e a transparencia do proceso*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da realización da primeira reunión da comisión técnica que abordará os procesos de selección e provisión de postos de traballos do Servizo Galego de Saúde. Esta nace, por iniciativa da Consellería de Sanidade, como órgano de traballo de carácter permanente para afrontar melloras nos procesos selectivos e de mobilidade voluntaria do persoal que presta os seus servizos nas institucións sanitarias de Galicia.

O obxectivo desta comisión é facer unha análise pormenorizada de todos os aspectos que afectan os procesos selectivos, para introducir todas as melloras que se consideren pertinentes de cara ás próximas ofertas públicas de emprego no SERGAS.

Para realizar este labor, a comisión conta con representantes de distintas unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde que teñen especial relación cos procesos que se pretenden analizar.

Neste sentido, están representadas a Dirección de Asistencia Sanitaria; a Subdirección de Docencia e Investigación; a Subdirección de Planificación, Selección e Desenvolvemento Profesional; a de Relacións Laborais, Réxime Xurídico, Recursos e Reclamacións; e a Subdirección de Xestión e Políticas de Persoal; así como as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade.

Cuestións que abordará a comisión

A comisión revisará todo o sistema actual desde a convocatoria ata a toma de posesión e a acollida do novo persoal e estará aberta a calquera outra cuestión que poda estar relacionada e sexa solicitada por calquera das partes.

Así, abordará a revisión do procedemento de selección, definindo os puntos críticos do proceso e establecendo protocolos de actuación para cada unha das súas fases que aumenten as garantías e a transparencia do proceso.

Ademais, elaboraranse e revisaranse as instrucións de composición dos tribunais do proceso selectivo -incluíndo nelas as novas medidas recollidas no acordo da Xunta do 8 de abril de 2010- e elaboraranse guías formativas de axudas para os seus membros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Entre os principais obxectivos fixados para esta comisión destacan a necesidade de crear un baremo de méritos estable para o concurso de traslados, adaptándoos ás necesidades existentes e garantindo que os profesionais que desexen presentarse ao proceso selectivo ou moverse de destino coñezan con suficiente antelación os requisitos que deben cumprir e os méritos que se terán en conta.

Así mesmo, farase unha revisión da convocatoria e estudarase a necesidade de actualizar os temarios. Por último, no que se refire a plans de acollida, a incorporación de novos profesionais aos centros de xestión carece ata o de agora de regulación específica, polo que será abordado para acadar un tratamento homoxéneo.

O NÚMERO DE VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS INCREMENTOUSE NUN 12,6% NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2010 EN RELACIÓN AO MESMO PERÍODO DO ANO PASADO

- *No primeiro semestre se chegou aos 4 millóns de visitantes*
- *As pernoitas tamén experimentaron un aumento do 8,7% respecto ás acadadas no ano 2009. O incremento tamén mellora os datos do último Xacobeo 2004 cun 6,6%*
- *Os prezos hoteleiros rexistraron tamén un aumento do 2,7%, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron unha media do 1,4%*
- *A facturación por cuarto ocupado medrou un 3,2% en relación ao ano 2009 e os ingresos por cuarto dispoñible incrementáronse en xuño un 15,2%, fronte á media do 5,8% estatal*

A Consellería de Cultura e Turismo presentoulle hoxe ao Consello da Xunta o informe relativo á ocupación dos establecementos de aloxamento regulado en xuño e no primeiro semestre de 2010. O número de viaxeiros durante este período foi de 4 millóns de visitantes en Galicia só no primeiro semestre.

O número de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados de Galicia durante o primeiro semestre do ano subiu un 12,6% respecto ao mesmo período de 2009. As cifras das noites tamén superaron os valores do ano pasado nun 8,7%. O incremento dos seis primeiros meses mellorou ademais as cifras do primeiro semestre do anterior Xacobeo 2004, cun 6,4% de aumento no caso dos viaxeiros e dun 6,6% no caso das pernoitas.

O incremento no volume de viaxeiros é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento, sendo especialmente significativo nos hoteis e pensións da comunidade, xa que ambas rexistran unha suba do 13% respecto do primeiro semestre de 2009. Os apartamentos turísticos e os cámpings, que amosan subas menos dinámicas, superan levemente os valores do ano pasado, rexistrando en conxunto estas dúas modalidades un aumento medio do 1,9%.

En canto ás noites do primeiro semestre do ano, os hoteis rexistraron un incremento medio do 13,8% respecto ao ano 2009 e os establecementos de turismo rural unha suba do 3,9%.

Respecto do primeiro semestre de 2004 as cifras melloran tanto no nivel global como en cada unha das tipoloxías de aloxamento consideradas. No caso do conxunto da oferta hoteleira o incremento é do 5,4% de viaxeiros e do 6% no caso das noites. Os cámpings experimentaron un incremento notable de viaxeiros respecto a 2004, cun aumento do 17%. No segmento do turismo rural as subas roldan entre o 10 e o 15%, mentres que os apartamentos turísticos rexistran as porcentaxes máis elevadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Xuño**

O número de viaxeiros aloxados nos establecementos regulados de Galicia no mes de xuño foi dun 18,4% máis respecto ao mesmo período do ano pasado, un aspecto que tamén se reflectiu nas noites, cun 13,5% máis.

As cifras do conxunto da oferta de establecementos regrados tamén manifestan unha mellora respecto do último Xacobeo 2004, pois o volume de viaxeiros incrementouse nun 5%, mentres que o de noites subiu un 2,4%. Dentro das diferentes categorías, destacan os hoteis, cunha suba do 20,87% na cifra de viaxeiros e os establecementos de turismo rural, cun incremento do 21,01% de viaxeiros.

Prezos e rendibilidade empresarial

Os prezos hoteleiros experimentaron tamén no mes de xuño un incremento do 2,7%, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron de media un 1,4%. Este mes de xuño é o segundo consecutivo de incremento dos prezos hoteleiros, un aspecto relevante nun contexto de caídas xeneralizadas tanto a nivel estatal como na práctica maioría das comunidades autónomas.

En canto á facturación por cuarto ocupado, a cifra medrou un 3,2% en relación ao ano pasado. Esta porcentaxe é a terceira máis elevada do Estado, tras Cataluña e Navarra.

O ingreso por cuarto dispoñible incrementouse en xuño tamén un 15,2%, neste caso, a segunda porcentaxe máis elevada do conxunto de comunidades autónomas, e que se sitúa por encima da media de España, onde o incremento acadou só o 5,8%.